

• GUÍA DIDÁCTICA ÁMBITO DE COMUNICACIÓN M1 ESA SEMIPRESENCIAL.

E.P.A. EDUARDO PONDAL. CURSO 2023-24

MATERIAIS E RECURSOS

1. Unidades didácticas: 1, 2, 3 e 4 (LOMCE). **Imprescindibles traelas á aula.**

Accédese a elas na páxina Web da Xunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/7453>. Na biblioteca do centro existen copias en papel e dixitalizadas.

2 Libros de lectura:

Lúa do Senegal, Fernández paz Agustín, Utopía, Ana Alonso.

A súa lectura é obrigatoria.

3. Guías didácticas do ámbito de comunicación

4. Caderno do alumno (OBRIGATORIO)

• UNIDADES DIDÁCTICAS

- UNIDADE 1: COMUNICACIÓN ORAL-

- A comunicación. O signo lingüístico. Elementos da comunicación. Funcións da comunicación.
- Lingua e fala. Rexistro formal e informal.
- Textos orais e textos escritos.
- O territorio da lusofonía.
- Linguas da península Ibérica.

- UNIDADE 2: GRAMÁTICA DALINGUA

- Gramática. Fonética e fonoloxía: vogais e consoantes.
- A acentuación e puntuación.
- A ortografía (b/v, s/x, i/ll, h/O...)
- As distintas categorías gramaticais.
- A sintaxe.
- A semántica. Sinonimia, polisemia, antonimia.

- UNIDADE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA

- O texto. Diferentes tipos de texto.
- As propiedades textuais.
- Diferentes textos xornalísticos. O anuncio publicitario.
- Texto Instructivo- Prescriptivo.

- UNIDADE 4: EDUCACIÓN LITERARIA

- A literatura. Os xéneros literarios
- A poesía . Recursos
- Figuras literarias
- O relato. O microrrelato.
- O conto.
- A novela.
- O teatro.

• DESENVOLVEMENTO E TEMPORALIZACIÓN

- Quenda da mañá: xoves: 10:00 a 11:30 h. (Aula Sala Profesores)
- Quenda de tarde: luns: 19:00 a 20:30 h. (Aula Sala profesores)

	Módulo tarde	Módulo mañá
UNIDADE 1	4 sesións	4 sesións
UNIDADE 2	4 sesións	4 sesións
1º parcial	Data a concretar	Data a concretar
UNIDADE 3	4 sesións	4 sesións
UNIDADE 4	4 sesións	4 sesións
2º PARCIAL	Data a concretar	Data a concretar
FINAL ORDI.	29 a 31 xaneiro 1º cuadrimestre/ 21 a 23 maio 2º cuadrimestre	29 a 31 xaneiro 1º cuadrimestre / 21 a 23 maio 2º cuadrimestre
E.EXTRAORD.	2 a 4 abril 1º cuadrimestre. 19 a 21 xuño 2º cuadrimestre	2 a 4 abril 1º cuadrimestre. 19 xuño a 21 2º cuadrimestre

• CONTIDOS MÍNIMOS

- A comunicación. Elemento e funcións. Comunicación oral e escrita.

- Territorio da lusofonía. Linguas da Península Ibérica.
- Fonética e fonoloxía: as vogais e as consoantes.
- Acentuación e puntuación.
- A ortografía. Maiúsculas, uso de b/v, s/x.
- A morfosintaxe. As distintas categorías gramaticais.
- O léxico. Palabras cultas, semicultas e patrimoniais.
- O texto. Tipos e propiedades textuais.
- O resumo, o esquema, o subliñado e o mapa conceptual.
- Textos literarios. Diferentes xéneros. Recursos literarios.
-

- **CRITERIOS, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN , CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.**

Os **criterios de avaliación** son os seguintes:

- Diferenciar os elementos que interveñen na comunicación.
- Recoñecer diferenzas entre comunicación oral e escrita.
- Utilizar a lingua con corrección.
- Valorar o plurilingüísmo como riqueza cultural da humanidade.
- Compoñer textos sobre temas de interese social.
- Obter información empregando as TIC.
- Mellorar a capacidade da expresión oral e escrita.
- Ler textos en voz alta.
- Empregar dicionarios, correctores ortográficos, procesadores de textos.
- Appreciar a literatura.
- Mellorar a competencia léxica e ortográfica.
- Distinguir textos segundo a intención comunicativa.
- Diferenciar textos xornalísticos.
- Recoñecer algúns recursos literarios.

As **datas** exactas dos **exames parciais** concretaranse con cada un dos grupos (mañá e tarde).

Os **exames** escritos seguirán a **estrutura establecida polas unidades didácticas** (galego/ castelá; lingua e literatura). **A media non se fará se algunhas partes ou das probas é inferior a 3. Se a media é igual ou superior a 5** o alumno quedará **exento de presentarse ao exame final** do cuadrimestre. Denon ser así, o alumno, agás casos excepcionais, deberá presentarse ao exame ordinario con toda a materia do cuadrimestre, independentemente de que aprobara previamente algún dos parciais.

Demandarase un mínimo de corrección ortográfica e por iso penalizarase a súa ausencia

con - **0,01 punto cada falta**. Do mesmo xeito, terase en conta **acorrección das probas** en canto á presentación, á coherencia e á cohesión, podéndose chegar ate un máximo dun punto e **medio na nota final da proba**.

Haberá unha **proba extraordinaria** para os que non superen o ámbito de comunicación en febreiro, no mes de abril e outra para os que non superen o ámbito de comunicación en xuño en setembro.

Terán **dereito á avaliación continua** e, polo tanto, a exames parciais, aqueles alumnos que asistan con regularidade as clases.

A **nota do ámbito de comunicación** farase a partires destes elementos:

-Probas escritas:**80%**

-Lectura: **10%**. Os alumnos elaborarán unha ficha de lectura deseñada polo profesorado do departamento.

-Traballo continuado do alumno: asistencia regular ás clases, participación e realización de traballos e exercicios, actitude responsable cara á materia, etc. **10%**.

A Coruña 15 de setembro 2023

